

INFORME ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES DO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Emítase o presente informe económico co obxecto de fixar o prezo de licitación da contratación por concurso e procedemento aberto, da xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario do concello de Santiago, que son os que se relacionan a continuación:

CEIP Apóstolo Santiago
CEIP Ramón Cabanillas
CEIP Cardeal Quiroga Palacios
CEIP Roxos – Vilvestro
CEIP Monte dos Postes
CEIP Mestre Rodríguez Xixirei
CEIP Fontiñas,
CEIP Vite
CEIP Raíña Fabiola

O prego técnico establece que o obxecto do contrato é a execución da prestación do servizo de *catering* e o persoal monitor/coidador de comedor escolar, consistente en:

A) A elaboración de **XANTARES**, o seu servizo e a vixilancia e atención ao alumnado con persoal monitor/coidador do alumnado.

B) A elaboración de **ALMORZOS**, o seu servizo e a vixilancia e atención ao alumnado con persoal monitor/coidador do alumnado, cunha duración de 90 minutos/día ou 120 minutos, segundo o caso.

MARCO LEXISLATIVO

O Estatuto de Autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo, das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

O Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

ANTECEDENTES

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual o comedor escolar está a alcanzar novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sensible ás demandas das comunidades educativas dos centros de ensino público do concello de Santiago de Compostela que solicitaban contar con comedor escolar, consentiu no seu día na cesión das instalacións existentes neses centros para o efecto e autorizou a apertura dos correspondentes comedores, a fin de que foran xestionados polas asociacións de nais e pais de alumnos/as e as súas federacións.

Neste senso, a Federación de asociacións de nais e pais de alumnos/as "Compostela" ven xestionando conxuntamente nos últimos anos os comedores escolares dos CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos – Vilvestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola, para o que sempre contou con axudas procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Ao comezo do curso escolar 2011-2012 a Federación de asociacións de nais e pais de alumnos/as "Compostela" manifestou a súa vontade de non continuar coa xestión e organización dos comedores no curso escolar 2012-2013.

Ante isto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela, conscientes da importancia que para moitas familias santiaguesas supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, acordaron establecer un Convenio de colaboración para a xestión dos comedores, de acordo co previsto no artigo 2.3 do citado Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, e como fórmula para manter os comedores escolares nos citados centros da capital galega ao longo do curso escolar 2012-2013.

Dito convenio foi asinado o 16 de xullo de 2012 e levou a unha achega definitiva por parte da Consellería para o curso escolar 2012-2013 de 55.043,57 euros, sendo os datos finais de usuarios xestionados polo servizo de comedores escolares prestado polo Concello de Santiago de 618 xantares e 152 almorzos (madrugadores) de promedio ao mes con carácter estable e de 171 xantares e 189 almorzos (madrugadores) de promedio ao mes con carácter ocasional.

PREVISIÓNS DE PARTIDA DO INFORME ECONÓMICO

O informe económico que se presenta parte das seguintes premisas de partida:

1ª. Número de usuarios previstos para os cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015:

XANTARES:	750
ALMORZOS (MADRUGADORES)	200

2ª. Custe dos menús a aplicar para os cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015:

Neste sentido, para a elaboración deste informe económico, utilízanse os mesmos custes de menús que os fixados para a contratación do servizo de comedores escolares do Concello de Santiago de Compostela para o curso escolar 2012-2013, estando estes xa fiscalizados no seu momento polos Servizos de Intervención Municipal e obtidos en base ao estudo comparado de tres propostas de valor de mercado de custe de menús solicitadas polo Servizo de Educación a empresas que traballan no sector de referencia.

Custe de menú de Xantares desagregado por concepto de gasto:

CONCEPTO	IMPORTE EN € SEN IVE
Servizo de Catering	2,76
Persoal – monitores/as (coidadores/as e educadores/as) (*)	1,53
Coordinación	0,30
Actividades e materiais	0,12
Xestión administrativa	0,19
Desprazamentos	0,09
Seguros	0,01
Comunicacións (telefónica, postal e mensaxería)	0,03
Amortizacións	0,09
Gastos xerais	0,07
TOTAL	5,19

*O salario do persoal establécese segundo o Convenio de ocio e tempo libre.
Esta partida inclúe o custes de Seguridade Social.

O prezo de menú de Xantares, tendo en conta o tipo de IVE aplicable, é de:

$$5,19 \times 10\% \text{ IVE} = 5,71 \text{ €}$$

Custe de menú do Almorzo (Madrugadores) desagregado por concepto de gasto:

CONCEPTO	IMPORTE EN € SEN IVE
Servizo de Catering	0,36
Persoal - monitores/as (coidadores/as educadores/as) *	0,74
Coordinación	0,18
Actividades e materiais	0,18
Xestión administrativa	0,16
Desprazamentos	0,04
Seguros	0,01
Comunicacións (telefónica, postal e mensaxería)	0,06
Amortizacións	0,05
Gastos xerais	0,07
TOTAL	1,85

*O salario do persoal establécese segundo o Convenio de ocio e tempo libre.
Esta partida inclúe o custes de Seguridade Social.

O prezo de menú de Almorzos (Madrugadores), tendo en conta o tipo de IVE aplicable, é de:

$$1,85 \times 10\% \text{ IVE} = 2,04 \text{ €}$$

- 3ª. Achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ao Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros de ensino público non universitario para os cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015:

Aínda que a xestión de comedores escolares non é competencia municipal, o Concello de Santiago colabora na xestión destes, mediante Convenio coa Consellería de Educación.

Neste sentido, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela están a punto de asinar un convenio de colaboración co fin de concretar os importes da achega da Consellería ao Concello en relación á xestión do servizo de comedor escolar para os cursos académicos 2013-2014 e 2014-2015. Do texto do convenio dedúcese que tan só considéranse gastos subvencionables a prestación dos servizos de xantar aos usuarios non podendo ser subvencionable os conceptos de almorzo ou merenda. Ao mesmo tempo, os tributos que graven a prestación do servizo de xantar poderán ser obxecto de gasto subvencionable cando os aboe efectivamente o beneficiario da subvención e non foran susceptibles de recuperación ou compensación da facenda pública.

Os importes das achegas previstas serán de 63.056,25 € para cada curso académico e veñen recollidas na aplicación orzamentaria 09.01.423 A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida en tres anualidades:

Ano 2013: **19.950,00 €** (11 setembro - 29 novembro) → 56 días lectivos, aprox.

Ano 2014: **63.056,25 €** co seguinte detalle

43.106,25 € (2 decembro 2013-20 xuño 2014) → 119 días lectivos, aprox.

19.950,00 € (primeiro día do curso escolar 2014-2015 – último día que se preste o referido servizo do mes de novembro de 2014)

Ano 2015: **43.106,25 €** (primeiro día que se preste o servizo de comedor escolar do mes de decembro do curso 2014-2015 – último día que se preste o referido servizo do curso escolar 2014-2015).

Nota.- Non se pode establecer senón provisionar os días lectivos do curso académico 2014-2015 xa que non está fixado o calendario escolar para ese curso académico, cuestión que si acontece para o curso escolar 2013-2014 que fixa en 175 días lectivos os previstos para ese curso académico. Deste xeito, incorpórase no estudo como previsión 178 días lectivos para o curso académico 2014-2015 que é o nº de días máximo que podería ter ese curso académico.


GASTOS

O obxecto do contrato comprenderá as seguintes prestacións:

A) XANTARES:

- A elaboración das comidas do xantar nas cocinas propias da empresa adjudicataria.
- O transporte dos menús elaborados nas cocinas da empresa adjudicataria ata o comedor do centro escolar.
- A colocación das mesas do comedor, a distribución dos menús ata elas e o seu reparto entre as e os comensais
- Os labores de recollida e limpeza do material empregado e das dependencias, maquinaria e uteis utilizados do comedor.
- Tarefas de atención ao alumnado que utilice o servizo de comedor escolar nos períodos anteriores (desde a finalización da última clase da mañá), durante as quendas do servizo, e durante o período posterior á utilización do servizo (ata as 16:30 horas, coincidindo co comezo das actividades extraescolares).

Segundo o establecido nas previsións de partida, o custe de menú de xantares establecido para a elaboración deste informe económico é de 5,71 € IVE engadido, custe por menú. A este prezo de menú de xantares pódese aplicar a achega recibida polo Concello de Santiago procedente da Consellería nas contías, termos e condicións establecidas na 3ª previsión de partida fixada con anterioridade.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellaría de Educación

B) ALMORZO. MADRUGADORES

- A elaboración dos almozos cada día, nas cocifas ou nos comedores propios de cada centro educativo.
- A colocación das mesas do comedor, a distribución dos almozos ata elas e o seu reparto entre as e os comensais
- Os labores de recollida e limpeza do material empregado e das dependencias, maquinaria e uteis utilizados do comedor.
- Tarefas de atención ao alumnado durante a utilización do servizo de comedor para os almozos, desde a chegada do alumnado ao centro ata o comezo das clases da xornada de mañá (ou sexa desde as 07.30 e ata as 09.00 ou 9:30 h. dependendo do horario de cada centro).

Segundo o establecido nas previsións de partida, o custe de menú de almozos (madrugadores) establecido para a elaboración deste informe económico é de 2,04 € IVE engadido, custe por menú. A este prezo de menú de almozos non se lle pode aplicar a achega recibida polo Concello de Santiago procedente da Consellería, polo que trátase dun servizo non subvencionable, e polo tanto, a custear integramente polos usuarios do mesmo.

PREZO POR MENÚ A PAGAR POR CADA FAMILIA

Unha vez aplicado o desconto sobre os custes dos **menús de xantares** nas cantidades totais de comensais estimadas coa achega do Concello procedente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cada familia aboaría as seguintes cantidades que se detallan por comensal e día de menú servido:

A) XANTAR:

CURSO 2013-14

Cálculo para o xantar: para 750 COMENSAIS

175 días lectivos x 750 comensais x 5,71 € = **749.437,50 € curso escolar - xantar**

749.437,50 € (custe total curso escolar xantar)

- **63.056,25 €** (achega do Concello procedente da Consellería)

686.381,25 €

$\frac{686.381,25}{175 \text{ días}} = 3.922,18 \text{ €/día}$

$\frac{3.922,18 \text{ €/día}}{750 \text{ comensais}} = 5,23 \text{ €/día comensal con IVE}$

A achega da Consellería de Educación, só se aplica no xantar.

O prezo de menú por xantar a pagar por cada familia para o curso escolar 2013-2014 é de **5,23 €/día (10% IVE incluído)**.

CURSO 2014-15

Cálculo para o xantar: para 750 COMENSAIS

178 días lectivos x 750 comensais x 5,71 € = **762.285,00 € curso escolar - xantar**

762.285,00 € (custe total curso escolar xantar)

- 63.056,25 € (achega do Concello procedente da Consellería)

699.228,75 €

$\frac{699.228,75}{178 \text{ días}} = 3.928,25 \text{ €/día ;}$

$\frac{3.928,25 \text{ €/día}}{750 \text{ comensais}} = 5,24 \text{ €/día comensal con IVE}$

A achega da Consellería de Educación, só se aplica no xantar.

O prezo de menú por xantar a pagar por cada familia para o curso escolar 2014-2015 é de **5,24 €/día (10% IVE incluído)**.

B) ALMORZO. Servizo de madrugadores:

O prezo do servizo de madrugadores con almorzo para os cursos escolares 2013-2014 e 2014-2015 é de **2,04 € (10% IVE engadido)**. Lembrar que este servizo non é gasto subvencionable da achega da Consellería e polo tanto non pode ser repercutible por parte do Concello a este concepto.

As cantidades anteditas fixadas como prezo de menú de xantar e do servizo de madrugadores con almorzo para os cursos escolares 2013-2014 e 2014-2015, terán a consideración de prezo máximo autorizado polo Concello de Santiago para o seu cobro directo por parte do contratista aos usuarios dos servizos prestados desde o comedor escolar destes centros educativos. Os usuarios deberían efectuar o pago mensual dos servizos solicitados á empresa adxudicataria, por adiantado, nos últimos cinco días do mes anterior á prestación do Servizo. Aquelas familias que non realicen o pago no prazo establecido causarían baixa automática no Servizo.

PREZO DE LICITACIÓN

CURSO 2013-2014

O importe máximo deste contrato ascende á cantidade de 746.215,91 €, cun 10% de IVE 74.621,59 €, polo que resulta un prezo total de licitación de **820.837,50 € (10% IVE engadido)**.

Almorzo:

200 almorzos x 175 días lectivos x 2,04 € = 71.400,00 € (10% IVE engadido)

Xantar:

750 xantares x 175 días lectivos x 5,71 € = 749.437,50 € (10% IVE engadido)

Importe total Xantar + Almorzo, con 10% IVE curso 2013-14

71.440,00 € + 749.437,50 € = 820.837,50 €

CURSO 2014-2015

O importe máximo deste contrato ascende á cantidade de 759.008,18 €, cun 10% de IVE 75.900,82 €, polo que resulta un prezo total de licitación de **834.909,00 € (10% IVE engadido)**.

Almorzo:

200 almorzos x 178 días lectivos x 2,04 € = 72.624,00 € (10% IVE engadido)

Xantar:

750 xantares x 178 días lectivos x 5,71 € = 762.285,00 € (10% IVE engadido)

Importe total Xantar + Almorzo, con 10% IVE curso 2013-14

72.624,00 € + 762.285,00 € = 834.909,00 €

INGRESOS

1.- INGRESOS POR COTAS DAS FAMILIAS:

➤ CURSO ESCOLAR 2013-2014

Almorzo:

2,04 € x 200 almorzos x 175 días lectivos = 71.400,00 € (10% IVE engadido)

Xantar:

5,23 € x 750 xantares x 175 días lectivos = 686.437,50 € (10 % IVE engadido)

SUMA DE INGRESOS DAS FAMILIAS, POR XANTAR E POR ALMORZO:

	SEN IVE	CON IVE
XANTAR	624.034,09	686.437,50
ALMORZO	64.909,09	71.400,00
TOTAL	688.943,18	757.837,50

➤ CURSO ESCOLAR 2014-2015

Almorzo:

2,04 € x 200 almorzos x 178 días lectivos = 72.624,00 € (10% IVE engadido)

Xantar:

5,24 € x 750 xantares x 178 días lectivos = 699.540,00 € (10 % IVE engadido)

SUMA DE INGRESOS DAS FAMILIAS, POR XANTAR E POR ALMORZO:

	SEN IVE	CON IVE
XANTAR	635.945,45	699.540,00
ALMORZO	66.021,82	72.624,00
TOTAL	701.967,27	772.164,00

2.- ACHEGA DO CONCELLO MEDIANTE ACHEGA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

➤ CURSO ESCOLAR 2013-2014

Xantar:

0,48 € x 750 xantares x 175 días lectivos = 63.000,00 € (10% IVE engadido)

➤ CURSO ESCOLAR 2014-2015

Xantar:

0,47 € x 750 xantares x 178 días lectivos = 62.745,00 € (10% IVE engadido)

3.- RESUME DE INGRESOS SEGUNDO A SÚA ORIXE E CURSO ACADÉMICO:

En resumo, os ingresos necesarios que permiten dar cobertura financeira á licitación do contrato de servizo de comedores escolares por parte do Concello de Santiago para os cursos 2013-2014 e 2014-2015 son os seguintes (cantidades IVE engadido):

	Curso escolar 2013-2014	Curso escolar 2014-2015
COTAS DAS FAMILIAS	757.837,50	772.164,00
ACHEGA DO CONCELLO PROCEDENTE DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN	63.000,00	62.745,00
TOTAL INGRESOS	820.837,50	834.909,00

BECAS

A Xunta de Goberno Local –por proposta da concellaría de Benestar Social-, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30 de maio de 2013, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2013/2014. As bases están publicadas no BOP nº 108, de 7 de xuño de 2013.

A concellaría de Benestar Social poderá becar a usuarios deste servizo, en base ás necesidades económicas destes e en base aos orzamentos, baremos e criterios que para tal fin dispoña esa concellaría, procedendo para elo a asumir o pagamento total ou parcial segundo corresponda por cada usuario becado.

Santiago de Compostela a 10 de xullo de 2013.



Asdo. Jesús Noya Liste
Técnico da Área de Servizos Económicos